



EDITORIAL

Unha vez normalizado o funcionamento do Museo despois das súas obras de ampliación e reforma, tamén a Asociación de Amigos poido retoma-lo pulso e a marcha das súas actividades, entre elas a continuidade deste Boletín CROA. Como desde o número 1, séguese tratando de mellorar en presentación e en contido, servindo tanto para a información e comunicación entre os socios, como para a publicación de artigos relacionados coa temática do Museo, uns feitos a un nivel do que hoxe se chama alta divulgación, e outros máis propiamente de aportación científica, pero todos eles, pensamos que de igual interese e utilidade.

As novas instalacións do Museo permiten agora unha visita máis cómoda, didáctica e atractiva por parte do público en xeral (incluídos os grupos escolares, que constitúen as dúas terceiras partes dos visitantes). Pero ademais, o persoal do Museo, e a propia Asociación, dispón agora de máis e mellores espazos para desenvolver-los seus labores. É moi lamentable que o recorte presupostario, que afecta decisivamente ós recursos económicos e de persoal do Centro, veña a opoñerse precisamente a esta mellora das instalacións. As Asociación de Amigos dos Museos sempre pensamos que unha ampliación das instalacións museísticas conlevaría un aumento das dotacións presupostarias e de persoal, pero, ó que se vé, esa non é a idea das Administracións xestoras dos Centros, a Xunta de Galicia neste caso.

Tamén chama moito a atención que, mesmamente agora que o Museo se ofrece en mellores condicións ó visitante, veña a impoñerse unha nova normativa de entrada, que obriga a pagar a unha boa parte do público. De primeiras, hai que dicir que cobra-la entrada nos Museos para equipara-lo trato cos extranxeiros da Unión Europea, é unha enorme falacia: a normativa europea esixe igualdade de trato, pero non obriga a cobrar a todos (como ás veces se quere facer ver), senón que permite precisamente extende-lo dereito de entrada gratuíta a todos, e que non se esgrima o argumento económico, porque o que se deixaría de cobrar dos visitantes extranxeiros en Galicia sería bastante menos que «el chocolate del loro».

O que sucede é que as autoridades estatais da Cultura só pensan nos seus gran-

des centros (Museo do Prado, Arqueolóxico Nacional, Centro Reina Sofía...), pero non na inmensa maioría dos Museos españois (boa parte dos de Madrid, os Provinciais, os Monográficos..., é dicir, case todos). E así, a normativa díctase sen pensar nas consecuencias que vai ter para todos estes Centros, e logo, as Comunidades Autónomas como a galega, (noutros casos tan reticente a segui-las directrices da Administración Central), trasladan aquela normativa ós Museos dependentes da Xunta de Galicia, (incluído o prezo de 400 ptas. por persoa, cando era factible e legal fixar unha cantidade moito menor).

A trascendencia negativa destas normas para uns Museos e unha sociedade como a galega é evidente.

Pesia ó listado de exencións e prezos reducidos (segundo o cal, un Grupo Escolar de 100 alumnos tería que pagar 20.000 ptas, se non media a previa autorización expresa do Centro), o certo é que os visitantes individuais e familiares comprendidos entre os 18 e os 65 anos (ou sexa, a maioría da poboación), encontra un atranco (e algúns unha disculpa, que de todo hai), para non entrar nos Museos. Segundo os datos do Museo do Castro de Viladonga, hai un bo número de persoas que dá a volta na porta ó ve-lo prezo de entrada, e a realidade é que a diferenza de visitas individuais en días de semana baixou neste Museo de 151 a 46 (é dicir á terceira parte) nas dúas quincenas de antes e despois da entrada en vigor da nova normativa o 15-10-94.

Agora, os visitantes deste tipo concéntranse os sábados pola tarde e os domingos, que son de entrada gratuíta, xustamente nos días en que os Museos, tal como antes se dixo, teñen maiores problemas para dispoñer de persoal suficiente. (E iso sen contar que moitos dos festivos que a norma dá como de entrada gratuíta, a gran maioría dos Museos j estan pechados ó público!).

En fin, todo un despropósito e un desatino (de Madrid e de Santiago), que agardamos se corrixa canto antes, (pois as normas pódense cambiar en calquera sentido...), se se quere que os Museos cumpran a súa función social e cultural, sen trabas e sen poñerlles máis atrancos dos que xa o nivel cultural e educativo e os propios hábitos socio-culturais xa lles presentan nunha sociedade como a galega.